IES O RIBEIRO
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Edificio O Ribeiro
Rúa do Carballiño s/n
Tel. 988 788 266
Fax: 988 788 273
32400 RIBADAVIA (Ourense)
Edificio Abrente
Rúa Irmáns Álvarez Araújo, 5
Tel. 988 788 460
Fax: 988 788 466
32400 RIBADAVIA (Ourense)
galicia
ies.oribeiro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesoribeiro/

ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022 da *Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 30 de setembro), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN PAI/NAI,** dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.

2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que, a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás 14 horas do día 10 de novembro de 2022.

3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata ás 14 horas do día 13 de novembro de 2022.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as o día 11 de novembro de 2022, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 22 de novembro de 2022, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/a.

7. As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro de 2022, de 18 a 20 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17.55 horas.

8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de UN nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11 .A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

RIBADAVIA, a 3 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Ana Belén Álvarez Álvarez